# PROGRAMACIÓN

## EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

## 5º PRIMARIA

## CPI “VIRXE DOS REMEDIOS”

**Curso 2023-2024**

## 1. INTRODUCCIÓN

É necesario que o noso alumnado coñeza tódalas posibilidades expresivas, fomentando a creatividade e a desinhibición.Sendo precisamente a materia de Educación Plástica unha oportunidade para poder levar a cabo dita meta.

Ao tempo que se vai priorizar o desenrolo da capacidade perceptiva, observación, as destrezas e habilidades tanto de motricidade fina como grosa, a sensibilidade ante as manisfestacións artísticas...

Esta programación vai dirixida ao grupo de 5º curso formado por dúas nenas e catro nenos, facendo un total de 6 estudantes, que comparten aula mixta co alumnado de sexto de primaria.

## 2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS CLAVE

Un alumno competente é aquel que sabe utilizar todos os seus coñecementos e habilidades de xeito estratéxico para resolver problemas cotiáns. Este é precisamente o obxectivo da nova lei educativa, a LOMLOE: que os nenos e nenas sexan persoas competentes e preparadas para o mundo real. Para conseguilo, parte do perfil de saída do alumnado e estrutura todo o ensino en función das competencias clave. Estas competencias verifícanse mediante descritores operativos, que nos informan das habilidades e coñecementos que debe acadar o alumno, e conectan coas competencias específicas da área.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos fixados na LOMLOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e desenvolvemento das competencias clave incluídas neste Perfil de Saída, que son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

No que se refire á relación das competencias cos obxectivos da área de Lingua Estranxeira no primeiro curso de Primaria, quedaría da seguinte maneira:

| Currículo | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBX1** Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐ |
| **OBX2** Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐ |
| **OBX3** Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☑ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☑ |
| **OBX4** Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☑ |

## 3. RELACIÓN DE UNIDADES

A continuación establécense as disintas unidades que se levarán ao longo desde curso co alumnado de 5º de Primaria.

| Secuencia | * Título da UD | Descrición | *Nº de sesións 35 | *% Peso na materia 100 | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Comunicar emocións. | Traballaremos a interpretación, análise e valoración das imaxes como medio de comunicación. | 7 | 18 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 2 | Soños, fanasía e imaxinación. | Traballarase cos elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. | 6 | 18 | ☐ | ☑ | ☐ |
| 3 | Enganamos á vista? | Seguir traballando cos elementos das unidades anteriores, incorporando o uso correcto da regra, | 5 | 24 | ☐ | ☐ | ☑ |
| 4 | Somos creativos. | En cada unidade traballaranse as creacións propias, aplicando as técnicas propias de cada unidade. | 17 | 40 | ☑ | ☑ | ☑ |

## 4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

A avaliación do alumnado realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes.

- Traballo realizado na aula e presentación de traballos : 60%
- Interese, esforzo e actitude ante o traballo: 40%

Ademáis, a nota ordinaria será o resultado das 3 avaliacións, que terán a seguinte ponderación:

- 1º trimestre: 30%
- 2º trimestre: 35%
- 3º trimestre: 35%

En canto aos criterios de recuperación, aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos dándolle un tempo adicional para a entrega de traballos.